

CONVENIO ESPECÍFICO ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE XESTORES DEPORTIVOS PARA A COLABORACIÓN EN PROXECTOS E ACTIVIDADES FORMATIVAS

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2016

Dunha parte, D. Henrique Xoán Rodríguez Pantín, Presidente do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia, en adiante COLEF Galicia.

Doutra parte, D. Eduardo Blanco Pereira, Presidente da Asociación Galega de Xestores Deportivos, en adiante AGAXEDE.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o COLEF Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, entendida como unha corporación de dereito público amparada pola lei e recoñecida polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, exercendo as súas competencias no ámbito territorial de Galicia e ten entre as súas finalidades contribuír á constante mellora do nivel de calidade das prestacións dos profesionais da educación física e o deporte, asemade de colaborar coas entidades públicas e privadas para a mellora da atención ao cidadán, nos termos previstos na lexislación vixente.

SEGUNDO.- Que AGAXEDE é unha entidade sen ánimo de lucro, ao amparo do Art. 22 da Constitución Española, que se rexerá pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, ademais de por calquera outra norma de aplicación e polos Estatutos vixentes. O seu obxecto social é o fomento e desenvolvemento dunha xestión deportiva sustentable e de calidade no ámbito público e privado da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da formación permanente, a organización de actividades, o estudo, análise e difusión das áreas de coñecemento de aplicación, o asesoramento dos xestores deportivos, así como a colaboración con calquera institución ou entidade de natureza privada ou pública que realice xestión deportiva. Ao mesmo tempo, constitúese como foro permanente de debate e observatorio da xestión deportiva que se aplica no sistema deportivo de Galicia.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio-marco é definir as bases dunha colaboración activa entre ambas entidades comparecentes, que facilite a súa cooperación nos seguintes ámbitos:

- a. Intercambio de servizos e espazos.
- b. Favorecer a participación en actividades propias.

- c. Promover e organizar programas e actuacións conxuntas.

Segundo. Intercambio

- a. Posibilitarase o acceso dos asociados da AGAXEDE ás actividades organizadas polo COLEF Galicia, con arranxo ás mesmas normas e criterios que este teña establecidos para os seus colexiados e de igual forma se facilitará aos colexiados e precolexiados do COLEF Galicia o acceso ás actividades organizadas pola AGAXEDE.
- b. O COLEF Galicia comprométese a aplicar descontos do 10% das cotas anuais dos seus colexiados e precolexiados ás persoas adscritas á AGAXEDE, de igual forma que a AGAXEDE se compromete a aplicar os mesmos descontos nas cotas anuais dos seus socios aos colexiados e precolexiados do COLEF Galicia

Terceiro. Formación

- a. O COLEF Galicia comprométese a aplicar descontos especiais no prezo de matrícula dos seus programas formativos abertos (sempre que se cumpran os requisitos de admisión) ás persoas adscritas á AGAXEDE, nas mesmas condicións que aos propios colexiados, de igual forma que a AGAXEDE se compromete a aplicar os mesmos descontos aos colexiados e precolexiados que aos seus socios nas súas actividades.
- b. O COLEF Galicia e a AGAXEDE comprométese a organizar cantos cursos específicos se acorden entre ambas entidades e que poidan resultar de interese para os colexiados, precolexiados e socios das dúas entidades. Nos mesmos farase mención ao acordo de colaboración suscrito entre ambas entidades incorporando igualmente o logotipo respectivo.
- c. O COLEF Galicia e a AGAXEDE difundirán entre os seus colexiados, precolexiados e socios os programas formativos realizados por ambas entidades.

Cuarto. Difusión

O presente convenio de colaboración será debidamente difundido entre os colexiados, precolexiados e socios das dúas entidades mediante a súa inserción nos medios de comunicación propios (páxina web, boletín, circular, etc).

Igualmente, as partes comparecentes autorízanse reciprocamente entre si a insertar os nomes, marcas, logotipos ou calquera outro sinal externo de imaxe de cada unha delas, sempre dentro do estricto marco do cumprimento das obrigacións e fins do presente Convenio, tanto no material publicitario gráfico, escrito ou de calquera outra índole, e durante o tempo de duración do presente Convenio. Para tales efectos, ambas partes facilitaranse mutuamente os soportes técnicos necesarios para permitir a adecuada reprodución destes elementos de imaxe.

Ambas entidades manterán de maneira permanente o logotipo respectivo nun lugar axeitado das súas web, que sirva de enlace as mesmas.

Quinta. Vixencia

O presente Convenio-Marco entrará en vigor no momento da súa firma e terá unha duración indefinida e poderá ser perfeccionado mediante as addendas que se aproben por ambas partes.

Calquera das partes poderá dalo por expirado unilateralmente parcial ou totalmente, producíndose a súa extinción trancurridos dous meses dende a notificación de tal decisión á outra parte.

Non obstante a denuncia ou extinción da vixencia do presente Convenio-Marco, ambas partes comprométense a garantir o cumprimento e financiación das actividades que se teñan iniciado e non concluído no momento da notificación da resolución do Convenio e expiración da súa vixencia.

Sexta. Seguimento

Créase unha Comisión de seguimento do Convenio, encargada de interpretar, seguir, coordinar e controlar o seu cumprimento, resolvendo as dúbidas que a súa execución poida presentar. Estará formada por:

- O/A Presidente/a do COLEF Galicia, ou persoa na que delegue.
- O/A Presidente/a de AGAXEDE ou persoa na que delegue.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento, por duplicado, no lugar e data indicada arriba.



Presidente COLEF Galicia



Presidente AGAXEDE